

**LIBRO** ■ Trátase do primeiro volume en castelán da última triloxía do escritor Xavier Alcalá

# A editorial Ézaro vai exportar 'Entre fronteras'

A editorial Ezero exportará o primeiro volume da última triloxía de Xavier Alcalá, titulada *Entre fronteras*, cunha tradución ao castelán, presentada hoxe en Santiago. O editor Alejandro Diéguez considerou oportuno que a cultura "ao igual ca outros sectores económicos" sexa exportable e supere o "autoconsumo".

Neste senso incidiu tamén o escritor, quen valorou a "madurez" do corpus literario galego para xustificar a súa exportación, "máis alá dos dous escritores de sempre".

O editor de Ezero, "cun pé en Santiago e outro en Madrid", referiuse a un intento de exportar literatura galega emprendido a principios dos anos 90 polo editor Luis Mariño, a través da colección Extrañuros, que chegou a publicar a Xosé Luis Méndez Ferrín ou a Fermín Bouza en castelán.


A pesar do fracaso desta primei-

ra experiencia, Diéguez confiou na súa iniciativa, porque "temos unha maior convicción".

Ambientada entre os últimos anos do reinado de Alfonso XII e finais da Guerra Civil, a triloxía *Evanxélica memoria*, cualificada polo editor Damián Villalaín como "a máis madura" do autor, reconstrúe "con entusiasmo" os feitos históricos e a represión que rodearon as comunidades evanxelistas en Galicia.

Alcalá defendeu que a literatura tamén debe axudar a desfacerse da "lousa do medo" que acala as testemuñas da Guerra Civil.

En contacto con outros investigadores, o escritor levou a cabo un labor intenso de documentación por medio de conversas con evanxélicos galegos para elaborar a que sería unha grande reportaxe e que rematou converténdose en novela a proposta de Villalaín. ● A. CORREA



O escritor Xavier Alcalá

## DATOS

### Ao lado de Bernardo Máiz

O autor de *A nosa cinza* falou da polémica entre os historiadores galegos da novela histórica, e posicionouse do lado do historiador Bernardo Máiz, ao dicir que "facemos ben en contar o que outros non contan".